

GUÍA

DE BOAS PRÁCTICAS
AMBIENTAIS XERAIS



Pontevedra, 13 de febreiro de 2020

Ante a situación de emerxencia climática, unha das cuestións máis urxentes que ten a nosa sociedade é darlle a necesaria resposta ao imparable cambio climático. Por iso, a **Deputación de Pontevedra** asumiu como prioritario contribuir a este gran reto global.

A institución provincial converteu a transición ecolóxica nun obxectivo transversal da acción de goberno; por este motivo, implantouse un sistema de xestión ambiental no Pazo provincial, que inclúe todos os servizos situados neste edificio: **Arquitectura; Asesoría Xurídica; Comunicación Institucional; Contratación, Facenda e Patrimonio; Cultura; Deportes; Intervención; Medio Ambiente; Prevención de Riscos Laborais; Recursos Humanos e Formación; Secretaría Xeral; e Tesourería.**

O sistema de xestión implantado demostra o compromiso da **Deputación de Pontevedra** coa mellora continua do comportamento ambiental e co cumprimento dos seguintes principios:

- **Garantir que se cumpran os requisitos legais** e outros que a institución subscriba no relativo á xestión ambiental.
- **Sensibilizar e formar** permanentemente as persoas para motivalas a que se sumen a este desafío imparable no que todas e todos somos necesarios.
- **Protexer o medio:**
 - o Minimizando o impacto ambiental dos nosos servizos:
 - Cun uso sostible dos recursos.
 - Coa redución das emisións atmosféricas.
 - Mediante a segregación en orixe dos residuos xerados.
 - o Comprometéndose coa prevención da contaminación.
- **Establecer obxectivos e accións** de mellora alcanzables. Dotar os servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos.

A presidencia da Deputación de Pontevedra comprométese a desenvolver os compromisos fixados nesta política e no propio sistema de xestión ambiental.

- Tes a obriga de coñecer e cumprir a lexislación ambiental vixente aplicable ás súas actividades e servizos.
- Debes comprometerte a cumprir os requisitos establecidos na nosa política ambiental.
- Tratarás, na medida do posible, de minimizar calquera impacto ambiental asociado á actividade realizada: a emisión de ruídos, a xeración de residuos, as verteduras de augas, o consumo de recursos ou a emisión de substancias agresivas para o medio.
- As emisións á atmosfera derivadas das actividades realizadas non poderán superar os valores límite establecidos na lexislación vixente, para asegurar unha mínima incidencia na calidade do aire.
- As verteduras de augas residuais axustaranse aos requisitos establecidos pola Administración con competencias na materia. Recorda que está prohibido a vertedura de substancias perigosas á rede de sumidoiros e ao dominio público hidráulico (ríos, rías e mar).
- Calquera vertedura accidental dun produto tóxico será recollida e xestionada polo correspondente xestor autorizado.
- Os residuos non perigosos xerados na súa actividade (por exemplo, papel, cartón, envases etc.) serán segregados e xestionados a través do servizo municipal de recollida ou dun xestor autorizado, segundo corresponda.
- Os residuos perigosos xerados na súa actividade (por exemplo, envases contaminados, aerosois, aceites usados, filtros de aceite etc.) serán segregados e xestionados a través dun xestor autorizado ou do sistema integrado de xestión (SIX), segundo corresponda.

Así mesmo, como parte interesada no compromiso da **Deputación de Pontevedra** coa protección do medio e coa prevención da contaminación, poñemos á túa disposición unha serie de boas prácticas ambientais para ter en conta durante o desenvolvemento da túa actividade.

NO TRANSPORTE

- Conduce de forma constante, evitando frear ou acelerar de xeito brusco, e mantén unha velocidade adecuada.
- Evita comportamentos que impliquen un maior gasto de combustible (circular coas ventás abertas, cargar o vehículo por riba do límite máximo establecido etc.).
- Utiliza sistemas de lavado en túnel no canto de mangueras para limpar os vehículos, co fin de reducir o consumo de auga.
- Realiza un correcto mantemento dos vehículos, xa que isto asegura un mellor rendemento, ademais de previr posibles fugas de contaminantes tóxicos ou perigosos. Comproba a presión de inflado dos pneumáticos e realiza as revisións preventivas indicadas polo fabricante.
- O criterio ambiental (xestión adecuada de residuos de mantemento) debe ser un factor que se teña en conta ao escoller o taller de mantemento ou reparación dos vehículos.

VERTEDURAS

- Non vertas residuos líquidos perigosos (coma aceites usados) á rede de sumidoiros.
- Adquire produtos químicos de mínimo impacto ambiental.
- Instala cubetas en envases de produtos químicos líquidos para evitar derrames.

EMISIÓNS

- Reduce as emisións, desconectando os aparatos con motores de combustión cando non se estean utilizando e cunha conducción eficiente.
- Realiza un correcto mantemento preventivo de todos os equipos susceptibles de producir emisións.
- Evita a emisión de CFC prescindindo de aerosois e mantendo adecuadamente os equipos que os inclúan nos seus sistemas de refrixeración.
- Reduce as emisións de ruído realizando un correcto mantemento preventivo dos equipos e desconectando os aparatos cando non se estean utilizando.



REDUCE



REUTILIZA



RECICLA

- Intenta xerar a **menor cantidade de residuos** posible, evita a compra de produtos sobreempaquetados ou desbotables.
- Utiliza, no posible, produtos en envases fabricados con **materiais reciclados, biodegradables** ou que se lles poidan retornar aos provedores.
- **Separa os residuos** e coloca un contedor para cada fracción de residuo (urbanos, non perigosos e perigosos) fomentando a recollida selectiva desde o punto de orixe.
- **Nunca mestures** os residuos perigosos con outros que non o sexan ou entre si.
- **Cerra os contedores** unha vez utilizados e mantenos en bo estado.
- **Acondiciona zonas** para o almacenamento temporal de residuos que eviten derrames, verteduras e mesturas de residuos perigosos.
- **Etiqueta** correctamente os residuos almacenados, indicando a súa natureza e grao de perigosidade.

ELECTRICIDADE

- **Apaga** os equipos eléctricos e as luces cando non sexan necesarios.
- Realiza **revisións regulares** dos sistemas de climatización para optimizar o consumo de enerxía.



AUGA

- Asegúrate de **pechar** ben as billas.
- **Revisa** a instalación para detectar posibles fugas.
- **Aforra** ao usar billas e mangueras. Non deixes correr a auga innecesariamente.



PAPEL

- **Imprime** documentos a dobre cara e **reutiliza** documentos que vaías desbotar para anotacións e borradores.
- Utiliza **papel reciclado** ou con certificacións FSC.
- Traballa en **soporte informático** (envía documentos por correo-e, dálle prioridade á lectura en pantalla etc.).





Deputación
Pontevedra